

Proxecto de Decreto polo que se aproban os estatutos do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

O consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) foi creado mediante o convenio de colaboración asinado o 30 de xaneiro de 2001, entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo. Antes da existencia dun marco lexislativo expreso que regulase, naquel momento, a garantía da calidade universitaria, bótase a andar a ACSUG, partindo das experiencias previas no campo da avaliación resultantes do Plan nacional de avaliación da calidade das universidades (PENECU), e froito da consciencia da necesidade de acadar a máxima calidade do ensino, da investigación, da xestión e dos servizos das universidades galegas.

A entrada en vigor da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU), fai necesaria a adaptación do Sistema Universitario de Galicia (SUG) ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), así como o ingreso da ACSUG, en novembro de 2009, como membro de pleno dereito de ENQA (European Association for Quality Assurance in Higher Education) configurou un novo contexto de actuación e implicou a asunción de novas competencias, o que fixo imprescindible afrontar diversas reformas normativas. Entre estas reformas cabe destacar a atribución, a través da disposición adicional vixésimo sétima da Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e

administrativo, das funcións de avaliación, certificación e acreditación previstas na LOU á ACSUG; a modificación dos estatutos da ACSUG, mediante acordo do Consello de Dirección do 14 de xullo de 2008 que supuxo, no mesmo acto, a formalización dun novo convenio de colaboración da Axencia para a calidade do Sistema Universitario de Galicia, asinado o 1 de decembro de 2008 ; e a modificación do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, por parte do Decreto 326/2009, do 11 de xuño.

A publicación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e máis recentemente a aprobación da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, desexan un novo marco de actuación ao que, novamente, debe adaptarse a ACSUG, tanto dende o plano estrutural como a nivel funcional e competencial. Así se indica expresamente na citada Lei 6/2013, na que mediante a disposición transitoria oitava, establécese o mandato de que antes do prazo dun ano da entrada en vigor desta lei, a ACSUG procederá a adaptar os seus estatutos ao disposto nela, así como ao resto da lexislación que lle sexa aplicable.

En relación co anterior, este decreto ten como finalidade aprobar o novo estatuto que rexerá o funcionamento da ACSUG, ao abeiro da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia así como a súa adaptación ao establecido pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

De conformidade co exposto, logo do acordo adoptado polo Consello de

Dirección da ACSUG na xuntanza de data 18 de marzo de 2014, polo que se aproba a adaptación do estatuto do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia ao abeiro do establecido na disposición transitoria oitava da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia e disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e de acordo co ditame do Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día de de dous mil quince,

DISPOÑO

Artigo único. Aprobación do estatuto do consorcio autonómico Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Ao abeiro do establecido na disposición transitoria oitava da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, e na disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, apróbanse os estatutos do consorcio autonómico Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, coa redacción que figura no Anexo deste decreto e ordenase a súa publicación.

Disposición adicional única

As actuacións dos órganos, comités e comisións colexiadas da ACSUG, non

xerarán incremento nas consignacións orzamentarias do órgano con competencias en materia de universidades.

O aboamento das asistencias pola concorrencia as reunións dos órganos colexiados consultivos e de avaliación da ACSUG, deberá axustarse aos termos establecidos polo Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Disposición derogatoria primeira

Quedan derogados os estatutos da ACSUG publicados como anexo á resolución do 10 de decembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, pola que se publica o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, polo que se modifica o convenio do 30 de xaneiro de 2001 para a creación do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Disposición derogatoria segunda

Quedan derogadas o Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, modificado por Decreto 326/2009, do 11 de xuño.

Disposición derradeira primeira

Facúltase ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela de de dous mil quince

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Estatutos do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Natureza xurídica e adscrición

1. A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) é un consorcio autonómico, dotado de personalidade xurídica propia, e con plena capacidade e independencia respecto dos seus membros, para o cumprimento dos seus obxectivos.

2. A ACSUG adscríbese organicamente á consellería que teña atribuídas as competencias en materia de universidades.

Artigo 2. Entidades que integran o consorcio

1. O consorcio está constituído coa participación da Xunta de Galicia, mediante a consellería que ten atribuídas as competencias en materia de universidades e a consellería que ten atribuídas as competencias en materia de investigación, desenvolvemento e innovación, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo.

2. Poderase ampliar o número de membros do consorcio coa admisión de entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que queiran colaborar coas finalidades do consorcio e efectuar as contribucións ou prestar os servizos que constitúen os obxectivos deste. O acordo de admisión de novos membros

requirirá a maioría que prevé o artigo 30.4 deste estatuto.

Artigo 3. *Sé*

A ACSUG terá a súa sé en Santiago de Compostela.

Artigo 4. *Obxecto*

A promoción e a garantía da calidade do sistema universitario de Galicia (SUG) constitúe a finalidade primordial da ACSUG, asumindo para este efecto no ámbito da comunidade autónoma a consecución dos obxectivos a que se refire o artigo 31.1º da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e o artigo 69 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

Artigo 5. *Ámbito de actuación*

O ámbito de actuación da ACSUG comprende todas as universidades integradas no SUG, así como os centros que impartan en Galicia ensinanzas universitarias de acordo con sistemas educativos estranxeiros, nos termos previstos no artigo 86 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Artigo 6. *Colaboración*

1. A ACSUG poderá establecer mecanismos de cooperación e recoñecemento mutuo, de acordo cos criterios que sexan aprobados polo seu Consello Reitor, atendendo a criterios e directrices internacionais de calidade, e dentro das súas disponibilidades orzamentarias, coas actuacións e programas de avaliación e calidade de carácter autonómico, estatal e internacional que se efectúen nesta materia.

Así mesmo, poderá coordinarse e intercambiar datos e información, con outras

axencias ou organismos de avaliación autonómicos, estatais e internacionais, que teñan atribuídas competencias ou funcións no seu mesmo ámbito. Para estes efectos establecerá os acordos de colaboración que procedan.

2. A ACSUG poderá propoñer actuacións e desenvolver programas encamiñados a impulsar a colaboración entre universidades, empresas, centros de investigación e outras institucións públicas ou privadas, sempre que estean relacionados coa promoción e a garantía da calidade universitaria.

Artigo 7. Funcións

A ACSUG realizará, no ámbito da comunidade autónoma, as funcións que lle atribúe a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, así como, as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación previstas na Lei orgánica 6/2001, de universidades. Igualmente realizará calquera outra función dentro do ámbito da calidade universitaria que se lle atribúa pola normativa de aplicación.

Son funcións da ACSUG en particular:

- ~ A promoción, en materia de calidade, a coordinación entre as universidades galegas e entre estas e outras institucións.
- ~ A emisión do informe previo á creación de universidades públicas e recoñecemento das universidades privadas ao que se fai referencia no artigo 12 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.
- ~ A avaliación do plan de desenvolvemento de titulacións, para cada rama de coñecemento, para a creación ou recoñecemento dunha nova universidade no

SUG á que se fai referencia no artigo 13.h da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

- ~ A avaliación previa á adscrición ou desadscrición a unha universidade pública de centros docentes, de titularidade pública ou privada, á que se fai referencia no artigo 23.1 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.
- ~ A emisión das avaliacións e informes pertinentes para a implantación, seguimento, modificación e acreditación de títulos universitarios oficiais.
- ~ A avaliación dos centros que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos estranxeiros.
- ~ A avaliación, seguimento e certificación dos sistemas de garantía de calidade das universidades.
- ~ A avaliación quinquenal da actividade desenvolvida polos institutos universitarios de investigación do SUG.
- ~ A realización dos estudos e análises sobre a inserción laboral das persoas tituladas universitarias do SUG.
- ~ A avaliación, seguimento e certificación dos procedementos de avaliación da calidade docente do profesorado das universidades.
- ~ A avaliación, informe e acreditación sobre a actividade individual do profesorado, así como deseño de políticas de calidade que impliquen a mellora da actividade docente e investigadora do profesorado.
- ~ A realización de análises ou avaliacións das necesidades ou demandas de determinados sectores empresariais ou de produción, a cargo da entidade pública

ou privada que solicite os seus servizos, sempre e cando as avaliacións solicitadas sexan de interese dentro dos obxectivos e o ámbito de actuación da ACSUG.

- ~ A promoción da avaliación e da comparación de criterios de calidade no marco europeo e internacional.
- ~ A elaboración de informes e propostas en relación cos sistemas de educación superior doutros países.
- ~ O establecemento de vínculos de cooperación e colaboración con outras axencias estatais, autonómicas e internacionais que teñan atribuídas funcións de avaliación, acreditación e certificación.
- ~ A emisión dos informes que lle sexan solicitados polo Consello Galego de Universidades e polos consellos sociais das universidades do SUG.
- ~ A emisión de cantas avaliacións e informes estean previstos na normativa vixente en materia de universidades, centros, titulacións e persoal destas, así como cantos sexan requiridos pola consellería competente en materia de universidades.
- ~ O asesoramento á Administración educativa, ás universidades, aos axentes sociais e á sociedade en xeral, dentro do ámbito propio das súas funcións.
- ~ As tarefas que, dentro do ámbito das súas competencias, lle sexan encargadas polas consellerías competente en materia de universidades e en materia de investigación, desenvolvemento e innovación e polas universidades.

Artigo 8. Información e confidencialidade

1. Para o exercicio das funcións que ten encargadas, a ACSUG poderá pedir ás

universidades, e aos titulares das consellerías que teñan atribuídas as competencias en materia de educación superior e en investigación, desenvolvemento e innovación, a información que sexa necesaria e ter acceso á documentación existente, sen prexuízo do réxime de protección dos datos de carácter persoal. Así mesmo, a base de datos da ACSUG poderá ser consultada polas citadas institucións e por organismos externos ao consorcio, nos termos que o Consello Reitor acorde, de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

2. No exercicio das funcións que teñen atribuídas por este estatuto, os órganos da ACSUG, as distintas comisións, comités, técnicos, e en xeral, calquera persoa que participe nas correspondentes avaliacións, deben preservar a confidencialidade dos datos e da información e documentación que utilicen, así como o resultado das avaliacións.

Artigo 9. Código ético

O Consello Reitor aprobará un código ético de actuación adecuándose aos criterios e directrices internacionais de calidade, atendendo ás observacións que se fagan ao respecto polo Consello Asesor da ACSUG.

Artigo 10. Programa de actividades

A ACSUG actuará en execución do programa de actividades que aprobe o seu Consello Reitor. Os seus principios de actuación deberán adecuarse ao código ético.

Artigo 11. Memoria

A ACSUG elaborará unha memoria anual das súas actividades que, unha vez aprobada polo Consello Reitor, farase pública.

CAPÍTULO II

Réxime orgánico

Artigo 12. Estrutura orgánica

1. A estrutura orgánica da ACSUG componse de órganos de goberno e dirección, órganos de avaliación e órganos consultivos.
2. Os órganos de goberno e dirección da ACSUG son a presidencia, o Consello Reitor e a dirección.
3. A Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) como órgano superior de avaliación, e o Consello Asesor como órgano consultivo son órganos permanentes da ACSUG.

Sección 1ª. Órganos de goberno e dirección

Artigo 13. A presidencia da ACSUG

A persoa que ocupe a presidencia da ACSUG será nomeada e separada por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de universidades, escoitadas as persoas que ostenten a representación de reitor/a e da presidencia dos consellos sociais das universidades do SUG, de entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito universitario, por un período de catro anos prorrogables por

períodos iguais de tempo.

Artigo 14. *Funcións*

A presidenta ou presidente da ACSUG ten, ademais das funcións descritas no artigo 16 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as funcións seguintes:

- a) Velar pola consecución dos obxectivos da ACSUG e polo cumprimento do seu estatuto.
- b) Supervisar as actividades da ACSUG e elevarlle ao Consello Reitor a documentación e os informes que considere pertinentes.
- c) Aqueloutras funcións inherentes á presidencia dos órganos colexiados, así como as que se lle encomenden ou deleguen polo Consello Reitor.

Artigo 15. *Suplencia*

No caso de vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal, a presidenta ou presidente da ACSUG será substituída/o polo membro do Consello Reitor, con dereito a voto, de maior idade.

Artigo 16. *O Consello Reitor da ACSUG. Funcións*

1. O Consello Reitor é o órgano superior de goberno, dirección e xestión da ACSUG. Funcionará en pleno ou nas comisións que constitúa. As súas funcións son, ademais das descritas no artigo 64.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as que se establecen neste estatuto.

2. Correspóndenlle ao Consello Reitor as seguintes funcións:

a) O seguimento, a supervisión e o control superiores da actuación da entidade e da xestión da persoa titular da dirección.

b) A aprobación da programación anual de actividades da ACSUG.

c) A aprobación da memoria anual de actividades desenvolvida pola ACSUG e de cantos informes se consideren necesarios sobre a súa xestión, coa valoración dos resultados obtidos e a consignación das deficiencias observadas.

d) A aprobación do anteproxecto de orzamentos anuais e da contracción de obrigas de carácter plurianual dentro dos límites que teña fixados.

e) A aprobación das contas anuais e, de ser o caso, a distribución do resultado do exercicio, consonte a lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) A aprobación, a proposta do Consello Asesor, do código ético que establecerá os principios de actuación da ACSUG.

g) A aprobación do catálogo de medios e prestacións susceptibles de ser obxecto de cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno do sector público autonómico, ao que se fai referencia no artigo 9 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

h) Acordar a realización dos convenios coas institucións e entidades públicas ou privadas, que se consideren necesarios.

i) A aprobación e modificación tanto do cadro de persoal como da proposta de relación de postos de traballo.

l) Acordar as operacións de crédito e as operacións de tesouraría.

m) A aprobación da admisión de novos membros no consorcio e a modificación dos seus estatutos, de acordo co que se prevé nestes estatutos.

n) A elaboración e aprobación do seu regulamento de orde e funcionamento interno.

ñ) A disolución e a liquidación do consorcio, de acordo co que se establece nestes estatutos.

o) As funcións atribuídas á ACSUG ás que se fai referencia nos artigos 12, 13 e 23 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

p) Exercer todo tipo de accións, recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e os intereses da ACSUG.

q) Calquera outra función que se lle atribúa expresamente pola normativa que resulte aplicable.

En todo caso, as funcións non atribuídas expresamente aos restantes órganos da ACSUG entenderanse atribuídas ao pleno do Consello Reitor.

Artigo 17. Composición do Consello Reitor

1. O Consello Reitor estará formado polos seguintes membros:

a) A presidenta ou presidente da ACSUG, que tamén o será do Consello Reitor.

b) A persoa titular da consellería de adscrición da ACSUG.

c) A persoa titular, dentro da consellería de adscrición da ACSUG, da secretaría ou dirección xeral que teña atribuídas as competencias en materia de

universidades.

d) O titular do departamento que teña atribuídas as competencias en materia de investigación, desenvolvemento e innovación.

e) A persoa representante da consellería competente en materia de facenda.

f) As reitoras ou reitores das universidades integrantes do SUG.

g) As presidentas ou presidentes dos consellos sociais das universidades integrantes do SUG.

h) Dúas persoas propostas pola consellería de adscrición da ACSUG de entre destacados membros da comunidade académica e científica.

i) Dúas persoas propostas pola persoa titular do departamento que teña atribuídas as competencias en materia de investigación, desenvolvemento e innovación de entre destacados membros da comunidade científica ou empresarial.

l) A presidenta ou presidente da CGIACA.

m) Dous estudantes do SUG.

n) A directora ou director da ACSUG.

ñ) A persoa titular da consellería que teña atribuídas as competencias sobre calidade de cada unha das universidades do SUG, que asistirá ás xuntanzas con voz e sen voto.

2. Ós membros do Consello Reitor resultarlle de aplicación o disposto no artigo 17 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. Os membros do Consello Reitor que non o sexan por razón do seu cargo, serán nomeados pola persoa titular da consellería de adscrición da ACSUG, por un período de catro anos, prorrogables por períodos iguais de tempo.

4. A pertenza a este órgano non xerará dereitos laborais nin económicos.

Artigo 18. Secretaría do Consello Reitor

O Consello Reitor designará e nomeará unha secretaria ou secretario que desempeñará as funcións propias da secretaría dos órganos colexiados, así como as demais funcións que se lle encomenden ou deleguen polo Consello Reitor. Cando se nomee entre os membros deste órgano asistirá ás xuntanzas cos dereitos que lle correspondan. En caso contrario, asistirá ás xuntanzas con voz e sen voto.

Artigo 19. Sesións

O Consello Reitor reunirase:

- a) En sesión ordinaria, cando menos, unha vez cada semestre.
- b) En sesión extraordinaria, sempre que o convoque a súa presidenta ou presidente por iniciativa propia ou por instancia da metade dos membros que compoñen o Consello Reitor.

Artigo 20. Creación de comisións polo Consello Reitor

O Consello Reitor poderá constituír, mediante acordo, as comisións que considere oportunas para o desenvolvemento das tarefas que expresamente lle sexan asignadas polo pleno. A composición destas comisións respectarán as proporción establecidas no artigo 97 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de

organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Artigo 21. A directora ou director da ACSUG

A persoa titular da dirección da ACSUG será nomeada e separada por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellería de adscrición da ACSUG, oído o Consello Reitor, e atendendo a criterios de competencia, profesionalidade e experiencia, no ámbito académico e científico, por un período de catro anos, prorrogables por períodos iguais de tempo.

Artigo 22. Funcións da directora ou director da ACSUG

A dirección da ACSUG é o seu órgano executivo e ao seu titular corresponderanlle as seguintes funcións:

- a) Executar e facer cumprir os acordos adoptados polo Consello Reitor.
- b) Dirixir, organizar, xestionar e inspeccionar as actividades ordinarias da ACSUG, de acordo coas directrices do Consello Reitor.
- c) Presentar no Consello Reitor as propostas de organización e funcionamento das diversas actividades e programas que promova a ACSUG.
- d) Informar ó Consello Reitor do desenvolvemento das actividades e programas da ACSUG e exercer as funcións que lle sexan encargadas ou delegadas por este.
- e) Elaborar e elevar a proposta do anteproxecto do orzamento anual e as súas modificacións, para os efectos do seu exame e, se procede, da súa aprobación polo Consello Reitor.

- f) Desenvolver a xestión económica da ACSUG, autorizar os gastos dentro dos límites fixados polo Consello Reitor e ordenar os pagamentos.
- g) Exercer as competencias propias como órgano de contratación, cos límites marcados polo Consello Reitor.
- h) Administrar o patrimonio da ACSUG baixo as directrices do Consello Reitor.
- i) Velar pola conservación e o mantemento das instalacións e do equipamento da ACSUG.
- l) Elaborar a proposta tanto do cadro de persoal como da relación de postos de traballo e exercer as funcións de dirección e xestión do persoal da ACSUG.
- m) Velar pola mellora e a calidade dos métodos de traballo e a introdución das innovacións tecnolóxicas.
- n) Informar á presidencia e ao Consello Reitor de todo o necesario para o adecuado exercicio das súas funcións e formular as propostas que considere adecuadas para o bo funcionamento da ACSUG.
- ñ) Asumir a representación plena do Consello Reitor, en relación á formalización e notificación dos acordos, convenios e contratos adoptados ou realizados por este órgano.
- o) Adoptar as resolucións relativas ao arquivo dos expedientes por presentación das solicitudes fóra de prazo; ao acordo de desistencia do solicitante; ao arquivo do expediente por non achegar a documentación requirida para os efectos de emenda, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

e, con carácter xeral, a adopción das resolucións de expedientes por incumprimento de requisitos formais.

p) Calquera outra función que lle sexa expresamente encargada ou delegada polo Consello Reitor.

Sección 2ª. Órganos consultivos e de avaliación

Artigo 23. A Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA)

1. A CGIACA é o órgano superior de avaliación da ACSUG e exercerá con total independencia, as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación que teña atribuídas a ACSUG, así como outras funcións análogas propias do ámbito da garantía da calidade universitaria, que lle poidan ser encomendadas polo Consello Reitor, ou pola normativa que resulte de aplicación.

A CGIACA elaborará e aprobará os informes sobre os resultados das avaliacións efectuadas, que se presentarán ao Consello Reitor para a súa información.

2. A composición da CGIACA deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia* e estará constituída polos seguintes membros:

a) A presidenta ou presidente, que será nomeada/o pola persoa titular da consellería de adscrición da ACSUG, entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito universitario de Galicia, a proposta do Consello Reitor. A presidencia da CGIACA terá unha duración de catro anos, prorrogables por períodos iguais de tempo, sen límites.

b) Oito vogais elixidos polo Consello Reitor, nomeados a través da presidenta ou presidente deste. Seis serán nomeados entre destacados membros da comunidade académica e científica nacional ou internacional, un será nomeado entre destacados membros do ámbito profesional ou empresarial galego, con recoñecida experiencia e traxectoria en materia de avaliación universitaria, e outro será nomeado entre o estudantado do SUG.

Na adopción dos acordos relativos á avaliación, acreditación ou informe individual do profesorado universitario só participarán os vogais membros da comunidade académica e científica.

c) A directora ou director da ACSUG, con voz e sen voto.

3. Os vogais da CGIACA serán nomeados por un período de catro anos. En todo caso, cada dous anos, procederase á renovación da metade dos vogais académicos.

Dentro dos catro meses anteriores á expiración dos nomeamentos, o pleno do Consello Reitor deberá nomear aos novos vogais. Os vogais continuarán no exercicio das súas funcións ata que tomen posesión os que os sucedan.

No caso de cesamento ou vacante dalgún dos vogais da CGIACA nomearase un substituto para que ocupe o posto polo tempo que restase para rematar o período.

Ningún vogal poderá ser proposto para outro período inmediato salvo que ocupase o cargo por un período non superior aos dous anos.

4. Os membros da CGIACA, no exercicio das súas funcións, actuarán a título persoal e con plena independencia, garantindo en todo momento que non se

produzan conflitos de intereses e sometidos á normativa vixente en materia de incompatibilidades.

Artigo 24. Secretaría da CGIACA

A CGIACA designará e nomeará unha secretaria ou secretario que desempeñará as funcións propias da secretaría dos órganos colexiados, así como as demais funcións que se lle encomenden ou deleguen pola CGIACA. Cando se nomee entre os membros deste órgano asistirá ás xuntanzas cos dereitos que lle correspondan. En caso contrario, asistirá ás xuntanzas con voz e sen voto.

Artigo 25. Funcionamento da CGIACA

1. A CGIACA actuará con independencia e adoptará as decisións últimas respecto das funcións que teñan atribuídas, sendo a responsable final.
2. Esta comisión aprobará o seu propio regulamento de funcionamento, así como os distintos procedementos e protocolos de avaliación, informe, certificación e acreditación que correspondan para o desempeño das funcións que teña atribuídas, de acordo co disposto nestes estatutos e na demais normativa que resulte de aplicación.
3. A Comisión poderá contar para o exercicio das súas funcións, cos distintos comités integrados por persoas asesoras expertas que ela mesma constitúa, para o que deberá determinar a súa composición, o seu réxime de funcionamento e os requisitos e o procedemento de designación.
4. O regulamento de funcionamento, os distintos procedementos e protocolos de avaliación, informe, certificación e acreditación que aprobe e as normas

reguladoras da composición, réxime de funcionamento, requisitos e procedemento de designación dos comités de asesores de expertos, aprobados pola CGIACA, deberán ser públicos.

Artigo 26. O Consello Asesor

1. O Consello Asesor é o órgano consultivo da ACSUG e correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Informar, por petición da directora ou director da ACSUG, sobre os procedementos e actuacións que desenvolva a ACSUG.
- b) Resolver, por petición da directora ou director da ACSUG, as controversias que se produzan respecto do cumprimento das normas ou códigos éticos e de boas prácticas, respecto dos procedementos e actuacións que desenvolva a ACSUG.
- c) Analizar a metodoloxía e as estratexias de avaliación que se puidesen aplicar e propoñer medidas de mellora da calidade dos métodos de traballo e de introdución de innovacións tecnolóxicas.
- d) Analizar o funcionamento da ACSUG e emitir un informe anual para o Consello Reitor.
- e) Manter as relacións de colaboración e cooperación que resulten procedentes, cos comités que realicen funcións análogas dentro dos órganos de avaliación externa que existan ou se constitúan no ámbito estatal e internacional.
- f) Recoller e analizar as suxestións, propostas e opinións que respecto das funcións e actuación da ACSUG, se formulasen por parte das administracións

públicas, dos órganos de avaliación externa que existan no ámbito estatal e internacional, das universidades españolas e de calquera outra institución pública ou privada vinculada co ámbito da garantía da calidade universitaria.

g) Elevar á dirección da ACSUG, para a súa consideración, propostas e suxestións para a mellora das súas actuacións.

h) Calquera outra función que lle sexa expresamente encargada ou delegada pola directora ou director da ACSUG.

2. O Consello Asesor terá a composición seguinte:

a) A presidenta ou presidente, que será nomeado pola persoa titular da consellería de adscrición da ACSUG, entre os vogais do Consello Asesor.

b) A directora ou director da ACSUG que asistirá as xuntanzas con voz e sen voto.

c) Entre seis e dez membros, designados polo Consello Reitor, de entre personalidades de recoñecido prestixio do ámbito científico, académico e profesional, tanto nacional como internacional, e entre representantes do sector empresarial galego e do estudantado do SUG.

Os membros do consello asesor nomearanse por un período de catro anos, prorrogables por períodos iguais de tempo.

3. O Consello Reitor aprobará o seu propio regulamento de funcionamento.

Artigo 27. Secretaría do Consello Asesor

O Consello Asesor nomeará unha secretaria ou secretario, que desempeñará as

funcións propias da secretaría dos órganos colexiados, así como as demais funcións que se lle atribúan. No caso de que se nomee unha persoa distinta dos membros do Consello Asesor, asistirá ás xuntanzas con voz e sen voto.

Sección 3ª. Réxime de funcionamento dos órganos e comisións colexiadas

Artigo 28. Constitución do órgano para os efectos de celebración de sesións

Para a válida constitución do órgano, para os efectos de celebración de sesións, requirirase a presenza da metade dos seus membros con dereito a voto. En todo caso, deberán estar presentes a súa presidenta ou presidente, ou persoa que lle substitúa, e a súa secretaria ou secretario.

Artigo 29. Substitución e suplencia

1. Os membros dos órganos colexiados da ACSUG, que o sexan por razón do seu cargo, poderán ser substituídos, acreditándoo ante a secretaría do correspondente órgano, consonte ó disposto no artigo 17.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. No caso de vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal análoga, a presidenta ou presidente da CGIACA e do Consello Asesor serán substituídos polo membro do respectivo órgano, con dereito a voto, de maior idade entre os membros de maior antigüidade.

3. Os órganos colexiados da ACSUG nomearán a unha secretaria ou secretario suplente ou, no seu defecto, establecerán o réxime de substitución deste para o caso de vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal análoga do

titular. Cando se nomee entre os propios membros do órgano, asistirá ás xuntanzas cos dereitos que lle correspondan. En caso contrario, asistirá ás xuntanzas con voz e sen voto.

Artigo 30. Adopción de acordos

1. Os acordos dos órganos e comisións colexiadas da ACSUG serán adoptados polo voto da maioría dos membros que se encontren presentes no momento da votación.
2. En caso de empate, este dirimirase co voto de calidade da presidenta ou presidente.
3. Non se poderán tomar acordos válidos respecto dos asuntos non incluídos na orde do día a menos que na xuntanza estean presentes todos os membros do órgano e o consintan expresamente, e sexa declarada a urxencia do asunto co voto favorable da maioría.
4. Os acordos relativos á admisión de novos membros no consorcio, á modificación dos seus estatutos e á disolución e liquidación do consorcio requirirán, para a súa válida adopción, o voto favorable das tres quintas partes dos membros con dereito a voto do pleno do Consello Reitor.

CAPÍTULO III

Réxime xurídico, económico e patrimonial

Artigo 31. Réxime xurídico da ACSUG

1. A ACSUG rexerase polo disposto nestes estatutos, polo establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da

Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e pola demais normativa que lle resulte de aplicación.

2. Nas súas actividades de contratación administrativa rexerase pola normativa de dereito público.

Artigo 32. Réxime de impugnación dos actos

Os actos administrativos emitidos polo Consello Reitor, formalizados mediante os correspondentes acordos, esgotarán a vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Os actos administrativos emitidos pola presidenta ou presidente e directora ou director da ACSUG, poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o Consello Reitor. A resolución que se dite resolvendo o recurso esgotará a vía administrativa.

Os actos administrativos emitidos pola CGIACA no exercicio das potestades que teña atribuídas, formalizados mediante os correspondentes acordos, esgotarán a vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 33. Prazos

O prazo máximo para notificar a resolución expresa dos procedementos sometidos ao dereito administrativo, competencia da ACSUG, será de seis meses.

Artigo 34. *Medios persoais*

1. Para dar cumprimento ás funcións atribuídas, a ACSUG contará co persoal que o Consello Reitor determine.
2. O persoal da ACSUG suxeitarase ao réxime previsto no artigo 58 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
3. Ao persoal laboral da ACSUG aplicaráselle o convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia.
4. A ACSUG poderá contar con investigadores, asesores, colaboradores externos e bolseiros, a xuízo do órgano de dirección e de acordo coa normativa que para o efecto sexa de aplicación.

Artigo 35. *Patrimonio*

O réxime patrimonial da ACSUG é o determinado polo artigo 61 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Artigo 36. *Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e control*

O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control da ACSUG é o establecido polo artigo 99 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Artigo 37. *Disolución*

O consorcio disolverase por decreto do Consello da Xunta de Galicia, logo do acordo do Consello Reitor, co quorum sinalado no artigo 30.4 destes estatutos ou por imposibilidade legal ou material de cumprir os seus obxectivos.

Artigo 38. Liquidación dos bens

O acordo de disolución determinará a correspondente liquidación dos bens e a reintegración das obras e instalacións achegadas polas entidades consorciadas, de acordo coas directrices seguintes:

- a) A Xunta de Galicia designará, mediante o departamento que teña atribuídas as competencias en materia de universidades, unha comisión liquidadora, constituída por peritos de recoñecida solvencia profesional, non vinculados ao consorcio nos cinco anos anteriores á súa designación, os cales elevarán á Xunta de Galicia unha proposta de procedemento para a formalización da disolución.
- b) A constitución da comisión liquidadora non debe implicar alteración no funcionamento dos órganos do consorcio.

Artigo 39. Separación dos membros do consorcio

1. A separación dalgún dos membros do consorcio poderá realizarse co aviso previo de seis meses, sempre que non resulten prexudicados os obxectivos do consorcio, suposto no cal deberán establecerse os compromisos e a data de separación da entidade consorciada.
2. A entidade que se separe debe estar ao día dos seus compromisos anteriores e garantir a liquidación das obrigas que teña contraído ata o momento da separación.

3. En caso de que a separación sexa acordada, as liquidacións parciais que corresponda efectuar, por instancia da entidade que se separa, efectuaranse seguindo as mesmas normas que as establecidas no artigo anterior.

Disposicións adicional primeira. Réxime subsidiario

A actuación dos órganos, comités e comisións colexiadas da ACSUG estará suxeita ao establecido nestes estatutos e, se é o caso, nos regulamentos específicos deste. Subsidiariamente será de aplicación a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e as demais normas administrativas de aplicación xeral.

Disposicións adicional segunda. Igualdade entre mulleres e homes

No desenvolvemento e na aplicación do establecido no capítulo II destes estatutos, relativo ao réxime orgánico da ACSUG, terase en conta o disposto pola lexislación específica en materia de igualdade e paridade entre mulleres e homes.

Disposicións adicional terceira. Dos informes e avaliacións doutros órganos de avaliación externa

A equiparación de avaliacións, informes, certificacións, acreditacións e verificacións respecto de funcións que teña atribuídas a ACSUG, emitidas por outros órganos de avaliación externa, requirirá a subscripción previa do correspondente convenio entre estes e a Xunta de Galicia.

Disposición transitoria única. Nomeamento dos estudantes

1. En tanto non exista en Galicia un órgano de representación do estudantado,

análogo ao doutras comunidades autónomas, o nomeamento dos estudantes aos que se fai referencia nestes estatutos, realizarase polo Consello Reitor, a proposta das universidades integrantes do SUG, de entre os representantes do estudantado dos seus respectivos consellos de goberno.

2. Corresponderalle ao Consello Reitor, mediante acordo, establecer cal será o órgano ou entidade de representación do estudantado que, no seu momento, procederá ao nomeamento dos estudantes aos que se fai referencia neste estatuto.